

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 17/03/1953

Colección:

Data: 17/03/1953

De:

Ramón Piñeiro;

Para:

Luís Seoane;

Orix:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Fardel d'eisilado; Artes; Artes visuais; Café Español (Santiago de Compostela); Emigración; Literatura; Migracións;

Mencionados:

Carlos Maside;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 17/03/1953

Compostela, 17-3-53

Meu querido Seoane:

Fai xa tempo que recibín o teu fermoso libro Fardel de eisilado. Fun demorando o escribirche porque ista tempada estiven verdadeiramente atafegado co-as cousas que tiña retrasadas. Pirmeiro, por causa do casamento –caseime fai uns meses– e logo, pol-a morte case seguida de dous familiares, tiven que me ausentar bastante tempo d-eiquí e tiña moitas cousas atrasadas. Agora xa estou ó día e xa teño lecer para lles escribir ós amigos.

A mín deixárame o Maside o seu exemplar de Fardel de eisilado. Foi a primeira lectura. Dispois, cando recibín o que me mandaches a mín, volví a lelo varias veces. Tamén llo deixei ler a varios amigos, especialmente ós rapaces novos. Atopo níl unha gran forza emotiva, que sin dúbida é a que lle dá ise alento poético que envolve todo o libro. A imaxe representativa do “povoador galego” que se reflexa no poema do Ramón Cernadas é sinxelamente impresionante. Outros, como Building castles in Spain, unen a forza da fatalidade á sinxeleza elemental da espresión, acadando un acerto poético máisimo. Pódesme crer, querido Seoane, que o teu Fardel de eisilado é un dos libros máis orixinais e sinceros que se escribiron na nosa língoa n-istes derradeiros anos. Dígocho de todo corazón, tal como eu o sinto. Tamén me interesou enormemente o teu esforzo idiomático, que será máis apreciado canto máis tempo pase.

Si non mo tomas a mal, quéroche pedir un favor. Nos lotes de libros que o Centro Gallego enviou a varias persoas de por eiquí viña un exemplar da revista Galicia (número extraordinario non sei si do ano 40 ou do 41) no que hai reproducido un grabado en madeira teu que me gustou extraordinariamente e que me gustaría tel-o sempre á vista ¿Poderíasme tí conquistar un exemplar de Galicia e mandarmo? Eu fixen algún sondeo cos que a recibiron no envío dos libros, mais, como é natural, ningún quer desprenderse d-ela.

Por eiquí loitamos con bastantes dificultás técnicas. Con todo, cada día hai máis azos na xente. Unha nova promoción de rapaces que agora chega tráenos o alento vivo e quente do seu ledo entusiasmo.

O Maside está preparando unha exposición eiquí en Compostela, que será na segunda quincena de abril.

Tomamos café no Español e lembrámoste a ti moitas veces.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.